

[A Coruña - Ferrol Viaxe reivindicativa en tren a Pontedeume



A CGT da Coruña apoia á **Plataforma en Defensa do Tren da Coruña e As Mariñas**, que organiza o sábado 30N unha viaxe viaxe reivindicativa no tren a Pontedeume para defender a mellora da liña A Coruña - Ferrol, a implantación do servizo de cercanías aproveitando a infraestrutura existente, a mellora e potenciación do ferrocarril de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo, a mellora da liña A Coruña - Lugo e a recuperación, en xeral, do ferrocarril convencional.

O acto consiste na viaxe a Pontedeume desde Ferrol (8.54) e A Coruña (10.50) con paradas en todas as estacións intermedias. Ás 12.00 sairase en manifestación desde a Estación de Pontedeume ata a Alameda, onde se fará a lectura do manifesto.

Os horarios: A Coruña-Pontedeume

A Coruña:10:50 Elviña-Universidade:10:55 O Burgo-Santiago:11:03 Cambre:11:09 Cecebre:11:12 Betanzos-Infesta:11:19 Betanzos-Cidade:11:29 Pontedeume: 11:44

Pontedeume - A CoruñaSaídas ás 14:35, 17:41 e 19:37

Ferrol-PontedeumeFerrol:08:54 Perlío:09:04 Cabanas-Areal:09:12 Pontedeume: 09:14

Pontedeume - FerrolSaídas ás 14:12; 17:18 e 19:15

É importante que a xente que viaxe desde Cambre ou Cecebre que indiquen a que hora queren volver, xa que hai que habilitar a parada de volta porque habitualmente o tren non ten parada alí.

Calquera dúbida enviade unha mensaxe por privado ao facebook da Plataforma.

Comité Local da CGT da Coruña